



O Parlamento de Galicia acolle un pleno infantil organizado por *Aldeas Infantiles SOS*

- **Miguel Santalices, vicepresidente da Cámara, chama a atención sobre os riscos da dependencia dos máis novos a Internet e advirte que “sen exercicio físico, sen xogar ao aire libre, a vosa saúde física e mental corre o risco de resentirse”**
- **O acto contou coa asistencia dun centenar de nenos escolarizados en diversos centros de Galicia**

Santiago, 7 de xuño de 2013.- O Parlamento de Galicia acolleu hoxe un pleno infantil protagonizado por un centenar de nenos escolarizados en diferentes centros da Comunidade, no marco do programa “Deputados por un día”, organizado por *Aldeas Infantiles SOS* dentro dunha iniciativa encamiñada a implicar aos máis novos na toma de decisións e na construción dunha sociedade sen desigualdades.

Miguel Santalices, vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia, presidiu o acto, no que felicitou aos organizadores deste programa pedagóxico. Ademais de varios representantes de *Aldeas Infantiles SOS* e profesorado dos centros participantes, tamén asistiron ao acto a vicepresidenta segunda e o secretario da Mesa do Parlamento, Marisol Soneira e José Manuel Balseiro, respectivamente; os deputados Alberto Pazos (PPdeG) e Carme Adán (BNG); e a directora xeral de Familia e Inclusión Social, Amparo González

Na súa intervención, Santalices amosouse sorprendido polas conclusións que se desprenden do Observatorio da adolescencia, impulsado por *Aldeas Infantiles SOS*, tomando como base a enquisa que efectúan entre o profesorado de secundaria que participa neste programa.



Dependencia de Internet

Segundo sinala o estudo, “os datos do curso pasado permitíronnos descubrir que os xóvenes mostran pouca paciencia no seu día a día e están máis irritables ou inquedos cando lles falta o móbil ou non poden conectarse a Internet”.

“Preocúpame esa obsesión por estar permanentemente conectados”, confesou Santalices, para engadir que “ese exceso de dependencia pode restar tempo a outras actividades imprescindibles para o voso crecemento físico e intelectual”.

“Como médico sei, como o saben os vosos pais e os vosos profesores, que sen exercicio físico, sen xogar ao aire libre, a vosa saúde física e mental corre o risco de resentirse”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.